

Modelos *in silico* en radioterapia: dous exemplos de modelos de resposta tumoral e toxicidade

Juan Pardo Montero

Grupo de Física Médica e Biomatemáticas, Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (IDIS)

A radioterapia (RT) é unha modalidade de tratamento contra o cancro, que se emprega en máis do 60% dos doentes. Pola súa natureza, o campo da radioterapia é un dos máis multidisciplinares da biomedicina, involucrando a médicos e físicos na clínica, e a investigadores médicos, físicos, biólogos, enxeñeiros e matemáticos entre outros.

Os modelos matemáticos que describen a resposta ó tratamento son de gran importancia para o deseño de novos tratamentos. Por exemplo, en radioterapia convencional o modelo liñal-cadrático xogou un papel moi importante no desenvolvemento de novos fraccionamentos máis efectivos e menos tóxicos.

O desenvolvemento de novas técnicas radioterapéuticas require do desenvolvemento de modelos mais avanzados, que teñan en conta novos efectos biolóxicos. Neste seminario presentaremos algúns modelos matemáticos en radioterapia, centrándonos en dous traballos recentes do grupo, en colaboración co Dpto. de Matemática Aplicada da USC, sobre dano vascular en tumores e dinámica de poboacións celulares en mucosas.

Data: 26 de marzo de 2021.

Lugar: Online a través de MS Teams. Tódalas persoas interesadas en asistir, poden solicitar, antes das 14 horas do 23 de marzo, o enlace de acceso a MS Teams ao correo-e: masec@usc.es

Duración: 1 hora (aproximadamente).

Hora: 12:00h.

